



## Concello de Boiro

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA.

Expediente PLN/2019/11

LOGO DE VER os procedementos concluídos a disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2.A) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

Neste caso, se ben a realización das sesións plenarias ordinarias está fixada no segundo xoves de cada mes, considérase convinte adianta-la realización da sesión do mes de setembro ó mércores día 11 de cara a dispor de tempo suficiente para presentar na Deputación Provincial da Coruña a documentación relativa á participación deste concello na 2ª fase do Plan adicional do POS+2019 (o prazo de presentación remata o 13/09/2019).

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o mércores 11 de setembro de 2019, ás 20:00 horas a 1ª convocatoria (a 2ª convocatoria á mesma hora dous días hábiles despois), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

#### A) Parte resolutiva

- 1.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 12/07/2019.
- 2.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 08/08/2019.
3. Aprobación da participación do concello na 2ª fase do Plan Adicional 1/2019 do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal de 2019 (Expediente 7703/2018).
4. Moción presentada polo grupo municipal do BNG o 30/08/2019 (NRE 9207) relativa ó arranxo, mellora e mantemento das áreas de estacionamento de caravanas do noso concello.
5. Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/GRUPO MIXTO do 30/08/2019 (NRE 9215) para o establecemento dunha liña de axudas para a compra de libros e material escolar e ó aumento de prazas con dereito a axudas nos comedores escolares.

#### B) Actividade de control.

- B.1.- Toma de coñecemento de resolucións da Alcaldía.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 3YCN2FZYSC9PDR4NS3LDLJ63Q | Corrección: <http://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Boiro

---

C) Mocións de urxencia.

D) Rogos e preguntas.

SEGUNDO. Que se lle notifique esta resolución ós membros da corporación e se publique anuncio desta resolución no taboleiro de edictos en papel e telemático deste concello.

TERCEIRO. Desta resolución daráselle conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que este órgano realice.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.

Documento asinado dixitalmente.

José Ramón Romero García (alcalde).

Severino Abalo Chouza (secretario xeral accidental)



Cod. Validación: 3YCN2FZSC9PDR4NS3LDLJ63Q | Corrección: <http://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

---

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008